# Lingua pali

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **pali** é unha lingua indoeuropea, da rama índica, e prácrita. Pódese dicir que o Pali é unha forma simplificada do sánscrito. A súa fama provén de ser a lingua na cal se rexistraron as escrituras do budismo Theravada, coñecidas como o Canon Pali no Sri Lanka no século -I. A lingua tivo representación escrita nunha variedade de sistemas de escritura, do brahmi ao devanágari e outros sistemas índicos ata unha forma romanizada desenvolvida por T. W. Rhys Davids, da Pali Text Society.

Algúns budistas[*Cómpre referencia*] da escola Theravada consideran que o Pali foi a lingua falada por Buda. Porén, non está claro incluso se chegou a ser de feito unha lingua falada. Varios investigadores manteñen que era unha lingua puramente literaria creada a partir dalgúns dialectos hindús, sendo o magadhi (lingua do reino de Magada/Magadha) un dos máis probables devanceiros.

| **Pali**<br>**पालि** | |
|---|---|
| Pronuncia: | [paːli] |
| Falado en: | Sri Lanka, Myanmar, Tailandia, Camboxa, Laos, Vietnam, india, Nepal, Bangladesh |
| Extinción: | Sen falantes nativos,usado como lingua literaria e litúrxica |
| Familia: | Indoeuropea<br>Indo-Iraniana<br>Indoariana<br>**Pali** |
| Escrita: | varias escritas, como bengalí, burma, devanágari, khmer, lao, alfabeto latino, sinhala, thai e lanna |
| **Códigos de lingua** | |
| ISO 639-1: | `pi` |
| ISO 639-2: | `pli` |
| ISO 639-3: | `pli (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=pli)` |



*Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_pali&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.*
*Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.*



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua pali***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_pali&oldid=4825752"